XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.P.I. SAN TOMÉ DO CARBALLO**
Rúa do Conde, s/n 27550 Taboada
Tfno. 982465479 Fax 982455017 cpi.santome.taboada@edu.xunta.es

# Información para alumnado de 4º de E.S.O.




## Información académica e profesional.

**A información contida nesta guía**

baséase na lexislación vixente ata maio de 2011

Esta guía pretende achegar ós nosos alumnos e alumnas a información sobre as diferentes opcións académicas e profesionais que se lles ofrecen unha vez rematado o seu paso polo ensino de carácter obrigatorio.

A orientación académica e profesional debe ser entendida coma un proceso educativo de axuda e asesoramento para a toma de decisións vocacionais, dirixida ó alumnado e ás súas familias.

Dentro deste proceso, debemos ter en conta diferentes aspectos que contribúen a fomentar a madurez vocacional dos alumnos e alumnas:

- **COÑECEMENTO DUN MESMO OU AUTOCONCEPTO**: este coñecemento supón reflexionar sobre como un é: as súas capacidades, intereses, motivacións, valores, personalidade, situación académica, aspectos familiares e de relación social, ...
- **COÑECEMENTO DO CONTORNO**, neste caso tanto das oportunidades académicas e profesionais que brinda o sistema educativo, como das posibilidades laborais que ofrece o mercado de traballo.
- **TOMA DE DECISIÓNS**, entendida coma un procedemento para abordar un proxecto persoal de vida, que guíe decisións autónomas e responsables baseadas na adecuación das características e expectativas persoais ós requerimentos das opcións académicas e laborais que se lle ofrecen.

# E DESPOIS DA ESO...



# ¿QUE?

# OPCIÓNS ACADÉMICAS/PROFESIONAIS Ó REMATAR A E.S.O.

CO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Bacharelato.
- Formación Profesional:Ciclos formativos de grao medio.
- Ensinanzas de Réxime Especial:
  - Ensinanzas Artísticas:
    - Ensinanzas de grao elemental e profesional de danza
    - Ensinanzas de grao elemental e profesional de música.
    - Ensinanzas profesionais de grao medio e superior de artes pléasticas e deseño.
  - Ensinanzas de idiomas: nivel básico, intermedio e avanzado
  - Ensinanzas técnico-deportivas de grao medio e superior
- Oposicións:
  - Garda civil. Escala básica (18 anos e probas selectivas).
  - Oposicións ó grupo D: Auxiliares da Administración.

**CON E SEN TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA**

.

- Formación ocupacional:
  - Cursos gratuítos, autorizados pola Xunta de Galicia e impartidos en centros públicos, privados ou concellos. É necesario estar inscrito na oficina de emprego como "demandante de emprego".
  - Escolas Taller e Casas de Oficio.
- Oposicións:
  - Grupo E.
  - Policía nacional (18 anos e probas selectivas).
  - Forzas Armadas Profesionais.
- Acceso ó mundo laboral:
  - Inscribirse no INEM, no Servicio Galego de Colocación, empresas de traballo temporal ...
  - Informarse en sindicatos, concellos, asociacións de empresarios, axencias de desenvolvemento local ...

Sen título de Graduado en Educación Secundaria

- Programas de Cualificación Profesional Inicial
- Formación profesional: Ciclos formativos de grao medio ( mediante proba de acceso)
- Ensinanzas para persoas adultas
- Formación para o emprego
- Formación non regrada
- Incorporación mundo laboral

# CO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

## BACHARELATO

### 1-¿QUE E?

É unha etapa da educación secundaria , non obrigatoria, de dous cursos de duración.

### 2-¿COMO SE ORGANIZA E ESTRUCTURA?

Está organizado en tres modalidades:

| | |
|---|---|
| **MODALIDADES** | **Artes.** ( con 2 vías: vía de Artes plásticas, deseño e imaxe e a vía de Artes escénicas, música e danza) |
| | **Ciencias e tecnoloxía** |
| | **Humanidades e Ciencias Sociais.** |

Estructúrase en dous cursos:

## MATERIAS BACHARELATO

| PRIMEIRO CURSO | | Comúns | Propias da modalidade | Optativas | |
|---|---|---|---|---|---|
| MODALIDADES: Ciencias e tecnoloxía | | • Educación Física<br>• Filosofía e cidadanía<br>• Lingua Galega e Literatura I<br>• Lingua Castelá e Literatura I<br>• Lingua Estranxeira I<br>• Ciencias para o mundo contemporáneo<br>• Relixión / Alternativa | Matemáticas I ( materia obrigada cursar)<br>Física e química<br>Bioloxía e xeoloxía<br>Debuxo técnico I<br>Tecnoloxía industrial I | Segunda lingua estranxeira<br>Literatura hispánica<br>Tecnoloxías da información e da comunicación<br>Música<br>Antropoloxía | ESCOLLER 1 MATERIA |
| Humani-dades e CC. Sociais | | | Hª do Mundo Contemporáneo ( Materia Obrigada cursar)<br>Latín I<br>Grego I<br>Matemáticas aplicadas ás C.C. Sociais I<br>Economía | | |
| Artes | Artes plásticas, deseño e imaxe | | Cultura audiovisual (Materia obrigado cursar)<br>Deseño técnico I<br>Volume<br>Debuxo artístico I | | |
| | Artes escénicas, música e danza | | Cultura audiovisual<br>Análise Musical i<br>Anatomía aplicada<br>Linguaxe e práctica musical | | |

Optativas: elíxese **unha materia optativa en cada curso** de entre as optativas ou de entre as propias da modalidade non elixidas como tales.

## MATERIAS BACHARELATO

<table>
<tr><th colspan="2">SEGUNDO CURSO</th><th>Comúns</th><th>Propias da modalidade</th><th colspan="2">Optativas</th></tr>
<tr><td rowspan="4">MODALIDADES</td><td>Ciencias e tecnoloxía</td><td rowspan="4">• Historia de España<br>• Historia da filosofía<br>• Lingua Galega e Literatura II<br>• Lingua Castelá e Literatura II<br>• Lingua Estranxeira II</td><td>• Matemáticas I I ( materia obrigada cursar)<br>• Física<br>• Química<br>• Bioloxía<br>• Xeoloxía<br>• Debuxo técnico II<br>• Tecnoloxía industrial II<br>• Eléctrónica<br>• Ciencias da Terra e Medio Ambientais</td><td rowspan="4">• Segunda lingua estranxeira<br>• Xeoloxía<br>• Ética e Filosofía do Dereito<br>• Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía<br>• Métodos Estadísticos e Numéricos<br>• Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.<br>• Xeografía e Historia de Galicia</td><td rowspan="4">ESCOLLER 1 MATERIA</td></tr>
<tr><td>Humanidades e CC. Sociais</td><td>• Xeografía ( Materia Obrigada cursar)<br>• Historia da Arte<br>• Latín II<br>• Grego II<br>• Economía da Empresa<br>• Matemáticas aplicadas ás C.C. Sociais II<br>• Literatura Universal</td></tr>
<tr><td>Artes: Artes plásticas, deseño e imaxe</td><td>• Técnicas de expresión Gráfico-Plástica (Materia obrigado cursar)<br>• Deseño<br>• Debuxo Técnico II<br>• Volume<br>• Debuxo Artístico II<br>• Historia da Arte</td></tr>
<tr><td>Artes: Artes escénicas, música e danza</td><td>• Historia da Música e da Danza (materia obrigado cursar)<br>• Artes escénicas<br>• Literatura Universal.<br>• Análise musical II</td></tr>
</table>

Optativas: elíxese **unha materia optativa en cada curso** de entre as optativas ou de entre as propias da modalidade non elixidas como tales.

**ASPECTOS A TER EN CONTA:**

- Das 6 materias propias de modalidade que se cursaran nos 2 curso, 5 tenen que ser da modalidade elixida.
- As materias "I" de 1º curso e "II" de 2º son **progresivas**; e necesario ter cursado e superado as de 1o para poderen ser cursadas e avaliadas as de 2º.

• **Outras precisan de conecementos previos, son:**

- Fisica de 2º precisa de Fisica e quimica de 1º.
- Quimica de 2º precisa de Fisica e quimica de 1º.
- Electrotecnia de 2º precisa de Fisica e quimica de 1º.
- Ciencias da terra e medioambientais precisa de Bioloxia e xeoloxia.
- Bioloxia de 2º precisa de Bioloxia e xeoloxia de 1º.
- Xeoloxia de 2º precisa de Bioloxia e xeoloxia de 1º.

• O titulo de BAC e superacion dunha proba (selectividade) da acceso a estudios universitarios.

• O titulo de BAC da acceso directo a ciclos formativos de grao superior con preferencia aos relacionados coa modalidade de BAC cursada.

 **CAMBIO DE MODALIDADE**
- Solicitase a direccion do centro unha vez cursado 1º e antes do comezo de 2º.
- Autorizado o cambio habera que matricularse de polo menos en 2 materias da Nova modalidade correspondentes a 1º e de todas as de 2º curso
- Computase como optativa de 2º curso unha das materias de modalidade cursada e superada en 1º.
- Seguense tendo en conta os requisitos de materias progresivas e os de conecementos previos.
- E obrigatorio cursar as materias propias de modalidade que no cadro da estructura de BAC tenen este simbolo ♦

 **PERMANENCIA E PROMOCION**
- O tempo maximo de permanencia e de 4 cursos.
- O alumnado que suspenda en 1o de BAC máis de 2 materias, cursara de novo o curso completo e sera cualificado en todas as materias.
- Sen prexuizo do anterior o equipo docente, atendendo as circunstancias persoais e academicas do alumno/a, podera decidir que o alumnado con 3 ou 4 materias con avaliacion negativa no 1o curso mantena as cualificacion obtida nas materias que xa foron cursadas e superadas, salvo que a nova cualificacion obtida nesas materias sexa superior a outorgada no curso academico anterior.
- Ao finalizar 2º con avaliacion negativa nalgunha materia, pode matricularse so delas.
- **Titulacion**: Avaliacion positiva en todas as materias dos 2 cursos. Tamén o Alumnado que finalice **ensinanzas profesionais de música ou danza obtén título de BAC se supera as materias comúns do BAC.**

**3-¿QUE TITULACIÓN E SAÍDAS PROPORCIONA?**

Ó rematar o Bacharelato obtense o **título de Bacharel,** que permite o acceso a:

- Ciclo formativos de Grao Superior.
- Estudios universitarios.
- Estudios superiores de ensinanzas artísticas, superando unha proba de acceso.
- Oposicións do grupo C.

**Titulo de Bacharel en Música**: para aquel alumnado que, tendo o título de graduado en Educación Secundaria, supere as materias comúns do bacharelato , e o terceiro ciclo do grao medio das ensinanzas musicais.

**Título de Bacharel en Danza**: para aquel alumnado que, tendo o título de graduado en Educación Secundaria, supere as materias comúns do bacharelato ,cursadas en dous anos académicos, e o terceiro ciclo do grao medio das ensinanzas de Danza.

## REXIME DE ADULTOS

As persoas maiores de 18 anos (ou maiores de 16 que acrediten a súa condición de traballadores) poden optar polo réxime de adultos. Neste réxime as ensinanzas poderán cursarse por curso completo ou por materias de forma independente. O tempo de permanencia para cursar estas ensinanzas é de seis anos académicos (no caso de non superalas pódese continuar na modalidade a distancia).

## FORMACIÓN PROFESIONAL: CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

### 1-¿QUE É?

É unha etapa da educación secundaria, **non obrigatoria**, que ten como finalidade a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

 **ACCESO DIRECTO:**
- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Título de técnico ou técnico auxiliar
- Ter superados 2 cursos de BUP ou equivalente

 **ACCESO MEDIANTE PROBA:**
- Ter 17 anos ou cumprilos no ano de realización da proba.
- Con menor idade tendo superados os módulos obrigatorios dun PCPI.

### 2-¿OFERTA FORMATIVA? ¿COMO SE ORGANIZA?

 **OFERTA FORMATIVA:**

**22** familias profesionais que comprenden un conxunto de Ciclos Formativos de grao medio ( CM) e grao Superior (CS) de formación teórico-práctico. **142** ciclos formativos: **64** CM + **79** CS.

• Próximas a publicar **4 novas familias**: Enerxía e auga, Industrias extractivas, Seguridade e medioambiente, Artes e artesanías

A duración destes Ciclos está entre 1200 e 2000 horas repartidas entre o centro educativo e o centro de traballo. Na nova formación profesional vaise ampliar a duración de todos os Ciclos a 2.000 horas.

### 3-¿QUE MATERIAS HAI QUE CURSAR?

As materias da Formación Profesional denomínanse **módulos profesionais** e teñen unha duración variable. Pódense agrupar en:

- **Módulos** nos que se traballan competencias, coñecementos e habilidades relacionadas co ciclo a cursar.
- **Módulo de Formación e Orientación Laboral** que facilita a inserción no mundo laboral con contidos relacionados coa lexislación laboral, as técnicas de busca de emprego ou a prevención de riscos laborais.
- **Módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT)** que se realiza unha vez cursados os

módulos anteriores. Permite complemetar as competencias profesionais en contacto directo co mundo das empresas e co mercado laboral.

- **Módulo de empresa e iniciativa emprendedora.**
- **Módulo de proxecto integrado ( CFGS)**

4- **¿QUE TITULACIÓN E SAÍDAS PROPORCIONA?**

- **OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO:** Título de **TÉCNICO**, que garantiza unha cualificación profesional para o desempeño dunha profesión.

Dá acceso a:

- Bacharelato.
- Mundo laboral.
- Ciclo Formativo de Grao Superior da mesma familia profesional realizando unha proba de acceso (con 18 anos).

- **OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:** Título de **TÉCNICO SUPERIOR**, que garantiza unha formación para traballar como autónomo/a ou como asalariado/a dirixindo equipos humanos formados por traballadores/as de inferior nivel de cualificación.

Dá acceso a:

- Estudios universitarios. (Véxase o acceso na páxina 25 e 26)
- Mundo laboral.

**ESTRUTURA DOS NOVOS TÍTULOS (Un exemplo):**

**Título**: Técnico. **Denominación**: Emerxencias Sanitarias. **Nivel**: Formación Profesional de Grao Medio. **Nivel de cualificación** da Comunidade Económica Europea: 2.
**Duración**: 2000 horas. **Familia Profesional**: Sanidade.

| **MÓDULOS PROFESIONAIS** | |
|---|---|
| **Mantemento mecánico preventivo do vehículo** | **Plans de emerxencia e dispositivos de riscos previsibles** |
| **Loxística sanitaria en emerxencias** | **Anatomofisioloxía e patoloxía básicas** |
| **Dotación sanitaria** | **Teleemerxencias** |
| **Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia** | **Formación e orientación laboral** |
| **Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia** | **Empresa e iniciativa emprendedora** |
| **Evacuación e traslado de pacientes** | **Síntese de emerxencias sanitarias** |
| **Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia** | **Formación en centros de traballo (FCT)** |

# OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO NO NOSO CONTORNO MÁIS PRÓXIMO.

| CHANTADA | MONTERROSO | MONFORTE DE LEMOS | PALAS DE REI | LUGO |
|---|---|---|---|---|
| **IES Val do Asma**<br><br>- Electromecánica de vehículos | **IES de Monterroso**<br>-Sistemas microinformáticos e redes | **IES A Pinguela**<br>-Xestión administrativa<br>-Estética persoal decorativa<br>-Perrucaría<br>**IES Francisco Daviña Rey**<br>-Electromecánica de vehículos<br>-Coidados auxiliares de enfermaría<br>-Instalacións eléctricas e automáticas<br>-Instalacións de telecomunicacións | **IES de Palas de Rei**<br>Instalacións eléctricas e automáticas | **IES As Mercedes**<br>-Comercio<br>-Electromecánica de vehículos<br>-Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor<br>-Carrozaría<br><br>**IES Lucus Augusti**<br>-Laboratorio<br><br>**IES Politécnico de Lugo**<br><br>-Fabricación á medida e instalación de -carpintaría e moble<br>-Coidados auxiliares de enfermaría<br>-Instalacións eléctricas e automáticas<br>-Instalacións de telecomunicacións<br>-Mecanizado<br>**IES Sanxillao**<br><br>-Cociña e gastronomía<br>-Servizos en restauración |

Para máis información podes acceder a páxina: http://www.edu.xunta.es/fp/oferta.htm podes consultar información sobre a oferta de ciclos formativos de grao medio e grao superior, centros nos que se imparten…

## SEN TÍTULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

*Non desanimarse. Hai outras vías de intentar conseguir o graduado en ESO e outros tipos de formación.*

### 1.- PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (P.C.P.I.)

- **FINALIDADE:**Conseguir competencias profesionais propias dunha cualificación profesional de nivel 1 do CNCP. Posibilitar unha inserción sociolaboral satisfactoria. Acceso a ciclos de grao medio mediante proba.
- **DESTINATARIOS:**

• **Alumnado escolarizado c**on dificultades de aprendizaxe, **alumnado desescolarizado** e **alumnado con necesidades educativas especiais.**

- **REQUISITOS DE ACCESO:**

• Non ter o título de graduado en ESO. Non ter cursado outro PCPI.
• **Idade.-** Alumnado entre 16 e 19 anos cumpridos no ano de inicio do programa.
**Excepcionalmente**: alumnado de 15 anos, cumprindo os seguintes requisitos:
Ter cursado 2º de ESO, ter repetido unha vez na etapa, non estar en situación de promocionar a 3º e ademais, é obrigatorio acordo dos pais e do menor e compromiso de cursar os módulos voluntarios conducentes á obtención da ESO.

- **DURACIÓN:** dous cursos académicos.

**- 1º curso.- módulos obrigatorios:** específicos + formativos de carácter xeral.
**- 2º curso.- módulos voluntarios,** conducen a obtención do **graduado en ESO.**

- **CERTIFICACIÓN E TITULACIÓN:**

**- Certificado de profesionalidade.** Superando os módulos obrigatorios o centro emite unha certificación coa que se pode solicitar a expedición do certificado de profesionalidade na Consellería de Traballo.
**- Superación da totalidade dos módulos do PCPI implica Título de Graduado en ESO.**

- **OFERTA DE PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL NO NOSO ENTORNO MÁIS PRÓXIMO:**

| LUGO | MONFORTE DE LEMOS. | MONTERROSO |
|---|---|---|
| **IES Politécnico de Lugo** Modalidade A PCPI de fabricación mecánica<br>**IES As Mercedes** Modalidade A PCPI de mantemento de vehículos<br>**IES Lucus Augusti** Modalidade C Calquera programa de cualificación profesional inicial.<br>**CEE Santa María**<br>• Modalidade A PCPI de xardinaría e viveirismo<br>• Modalidade A PCPI de peiteado<br>**IES Sanxillao** Modalidade A PCPI de servizos de restauración<br>**EPAPU Albeiros** Modalidade A PCPI de servizos administrativos | **IES Francisco Daviña Rey** Modalidade C Calquera programa de cualificación profesional inicial.<br>**IES Río Cabe** Modalidade C Calquera programa de cualificación profesional inicial.<br>**CFEA de Monforte de Lemos** Modalidade A PCPI de producións agrícolas<br>**IES A Pinguela** Modalidade A PCPI de servizos administrativos<br>**CEE Infanta Elena** Modalidade A PCPI de xardinaría e viveirismo | **IES de Monterroso** Modalidade A PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións |

Para outras ofertas de programas de cualificación profesional inicial podes acceder a páx. **http:www.edu.xunta.es/fp/pcpi.html:** podes consutar información sobre a oferta de PCPI, centros nos que se imparten os diferentes PCPI..

## 2.- FORMACIÓN PROFESIONAL: CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

**_ ACCESO MEDIANTE PROBA:**

- Ter 17 anos ou cumprilos no ano de realización da proba.
- Con menor idade tendo superados os módulos obrigatorios dun PCPI.

**_ ESTRUTURA DA PROBA DE ACCESO:**

Común para todos os ciclos formativos de grao medio.

**a) parte socio-lingüística Organizarase e 3 probas:**

- Lingua castelá.
- Lingua galega.
- Ciencias sociais.

**b) parte matemática Organizarase nunha única proba:**

- Matemáticas

**c) Parte científico-técnica Organizarase en 2 probas:**

- Ciencias da natureza.
- Tecnoloxía

A cualificación da proba será a media aritmética da cualificación obtida en cada unha das partes sempre que non sexa ningunha inferior a catro. Para a **superación da proba** é necesario obter a cualificación de **cinco puntos ou superior**.

## 3.- ENSINANZAS PARA PERSOAS ADULTAS

Impártense ensinanzas básicas iniciais, de ESO, bacharelato, ciclos de formación profesional específica.....

- **MODALIDADES DE ENSINO:** presencial e a distancia
- **ACCESO:** ter cumpridos ou cumprir os **18 anos** no ano natural no que comeza o curso escolar. Tamén **maiores de 16** anos que teñan un **contrato laboral** que non lles permita acudir aos centros en réxime ordinario ou sexan **deportistas de alto nivel.**
- **ORGANIZACIÓN DAS ENSINAZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO ( 2ª ETAPA):**

  Estructúranse en **2 niveis** (I e II), **organizados de forma modular** en **3 ámbitos**.Nestes niveis cúrsanse 3 ámbitos de coñecemento.Cada ámbito consta de 4 módulos.Os ámbitos son os seguintes:

  - **Ámbito científico tecnolóxico:** matemáticas, ciencias da natureza, tecnoloxías e os aspectos relacionados coa saúde e co medio natural da materia de Educación Física.
  - **Ámbito de comunicación**: lingua galega e literatura; lingua castelá e literatura; 1ª lingua estranxeira.
  - **Ámbito social**: ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía, e aspectos perceptivos correspondentes as materias de educación plástica e visual e música.

  A cada un dos ámbitos correspóndelles 4 módulos. Os módulos están distribuídos cuadrimestralmente correspondéndolles 2 módulos ao 1º nivel e os 2 restantes ao 2º nivel.
- **TITULACIÓN:** para **obter o título de graduado en ESO** cómpre ter superados os módulos 4 de todos os ámbitos da educación secundaria para persoas adultas.

**Excepcionalmente**, alumnado que, ao finalizar o nivel II, sexa avaliado negativamente nun dos ámbitos de coñecemento ou nas ensinanzas da oferta curricular propia de cada centro.

Con 18 anos, tamén podes presentarte ás probas libres para conseguir o título.
Para máis información, en Lugo; EPA Albeiros (tfno.: 982 216 033)

## 4-PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO POR LIBRE.

| | | |
|---|---|---|
| *PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO* | Ter cumpridos 18 anos o día anterior a data de celebración da proba<br>Non estar matriculados nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas no curso académico en que se realice a proba, ou ben no caso de estar matriculados, teren causado baixa nas devanditas ensinanzas antes da apertura do prazo de matrícula para realizar as probas.<br>**Organización: a proba organízase en relación con tres ámbitos de coñecemento da educación secundaria obrigatoria para as persoas adultas. Ámbito científico-tecnolóxico, ámbito de comunicación e ámbito social.**<br>**As probas realízanse nun so día.** | **ONDE ATOPAR INFORMACIÓN**<br>➢ **http:www.edu.xunta.es/ea** podes consultar toda a información sobre a proba: cando se convocan e celebran, que notas anteriores son validables, contidos da proba, modelos de exame.. |

## 4-FORMACIÓN PARA O EMPREGO (Formación ocupacional)

**As principais alternativas de formación son.**

| | | |
|---|---|---|
| **FORMACIÓN OCUPACIONAL** | Para esta formación debes inscribirte na oficina de emprego da túa localidade como demandante de formación e emprego do Servizo Galego de Colocación<br>Tes como principais alternativas de formación as seguintes:<br>✍ **Os cursos do Plan FIP**.Prográmanse anualmente. Son gratuítos.Necesítase cumprir os requisitos mínimos esixidos para o acceso á **proba de selección** (Segundo o curso ao que se pretenda acceder). Para ser seleccionado é necesario superar a proba de selección e estar entre os 15 primeiros. Finalidade facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas<br>✍ **Escolas Obradoiro:** Son programas de formación e emprego dirixidos a xoves desempregados preferentemente menores de 25 anos. A maioría duran 18 meses, sendo os 6 primeiros máis ben de formación e os restantes alternando formación e emprego mediante “ contrato de formación” | ONDE ATOPAR INFORMACIÓN<br>➢ **http://www.traballo.xunta.es** esta páxina ofrece información sobre a Formación e cualificacións xestionadas pola Consellería de Traballo. Algúns Servizos englobados nesta área correspóndese a información sobre a rede de centros de formación, cursos de formación ocupacional, especialidades formativas. Tamén podes consultar os cursos do Plan FIP que se imparten en cada provincia<br>➢ **INEM** podes consultar información sobre ofertas de Formación ocupacional, Escolas Taller. |

**Dependencia:** Administración Laboral **(Consellería de Traballo).**
Para recibir esta formación compre **inscribirse na oficina de emprego** correspondente como **demandante de formación e emprego** do **Servicio Público de Emprego** (En Lugo: R/ Río Cabe 8-10, tfno.: 982 28 44 04).

## 5.- FORMACIÓN NON REGRADA

| | | |
|---|---|---|
| **OUTROS TIPOS DE FORMACIÓN** | _ **En academias:** cursos diversos (informática, idiomas, tecnoloxías información e da comunicación -TICs, internet, páxinas Web, teletraballo- relacións públicas...). Tamén preparación das probas libres de graduado en ESO, de acceso a ciclos de F.P., de oposicións para a Administración, Concellos, Forzas Armadas, etc. Modalidades presencial, a distancia...<br>_ Auxiliar de perruquería, canteiro, auxiliar de veterinaria, profesor/a de autoescola....<br><br>- -Preparación de oposicións ( consulta de requisitos académicos), nas propias academias ou a distancia, para a administración ... | ONDE ATOPAR INFORMACIÓN<br>➢ **http://sgc.xunta.es:8000/orientación/gtbe/.** Guía que nos proporciona información sobre: o mercado laboral, busca de emprego activa e planificada, a oferta pública de emprego, o emprego por conta propia, o emprego na empresa privada.<br>➢ **Oficinadeempleo.com:** consellos sobre como elaborar un curriculum vitae, unha carta de presentación, como enfrentarte a unha entrevista de traballo…<br>➢ **Portais de demandas e ofertas de emprego:**<br>- **Emprego público:** opositor.com, empleopúblico.net<br>- **Empresas de traballo temporal (ETTs):** Adecco, Manpower, Vendior, Laborman… |

## 6. ACCESO E INCORPORACIÓN AO MUNDO LABORAL (Sen cualificación)

| ONDE ATOPAR INFORMACIÓN |
|---|
| ➢ **http:www.edu.xunta.es/fp/pcpi.html:** podes consutar información sobre a oferta de PCPI, centros nos que se imparten os diferentes PCPI.. |
| ➢ **http://www.edu.xunta.es/ea/:** acceso a información sobre a oferta educativa: educación de adultos, os centros educativos que imparten educación de adultos**..** |
| ➢ **http:www.edu.xunta.es/ea** podes consultar toda a información sobre a proba: cando se convocan e celebran, que notas anteriores son validables, contidos da proba, modelos de exame.. |
| ➢ **http://www.traballo.xunta.es** esta páxina ofrece información sobre a Formación e cualificacións xestionadas pola Consellería de Traballo. Algúns Servizos englobados nesta área correspóndese a información sobre a rede de centros de formación, cursos de formación ocupacional, especialidades formativas. Tamén podes consultar os cursos do Plan FIP que se imparten en cada provincia<br>➢ **INEM** podes consultar información sobre ofertas de Formación ocupacional, Escolas Taller. |
| ➢ **http://sgc.xunta.es:8000/orientación/gtbe/.** Guía que nos proporciona información sobre: o mercado laboral, busca de emprego activa e planificada, a oferta pública de emprego, o emprego por conta propia, o emprego na empresa privada.<br>➢ **Oficinadeempleo.com:** consellos sobre como elaborar un curriculum vitae, unha carta de presentación, como enfrentarte a unha entrevista de traballo…<br>➢ **Portais de demandas e ofertas de emprego:**<br>- **Emprego público:** opositor.com, empleopúblico.net<br>- **Empresas de traballo temporal (ETTs):** Adecco, Manpower, Vendior, Laborman… |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. SAN TOMÉ DO CARBALLO
Rúa do Conde, s/n 27550 Taboada
Tfno. 982465479 Fax 982455017 cpi.santome.taboada@edu.xunta.es

# E DESPOIS DO BACHARELATO...



# ¿QUE?

# OPCIÓNS ACADÉMICAS/PROFESIONAIS Ó REMATAR O BACHARELATO

1- . Estudos Universitarios.Estructuranse en tres ciclos denominados.

- GRAO
- MÁSTER
- DOUTORADO

2- Ciclos formativos de grao superior

3- Ensinanzas ARTÍSTICAS

3.1- Ensinanzas de música.

3.2- Ensinanzas de danza

3.3-Ensinanzas de arte dramática.

3.4-Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

3.5-Ensinanzas artísticas superiores: estudos superiores de deseño.

3.6-Ensinazas artísticas superiores: estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais.

4- Ensinanzas TÉCNICO-DEPORTIVAS

5-Ensinanzas de IDIOMAS

6- Outras ensinanzas. Forzas armadas, Piloto Civil; Azafatas

Oposicións:

- Á función pública: Grupo C
- Carreira militar.

7- Mundo LABORAL: oposición, cursos de formación.

# 1- ESTUDOS UNIVERSITARIOS

## ¿ COMO SE ESTRUCTURAN?.

### ENSINANZAS UNIVERSITARIAS DE GRAO

- **Finalidade:** Proporcionar unha formación xeral orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.
- **Acceso:** Bacharelato e proba de acceso (PAU)
- **Os plans de estudos: terán** 240 créditos (4 cursos).

  Conterán: materias básicas da rama de coñecemento a que está adscrito cada grao, materias obrigatorias, optativas, prácticas externas (se se inclúen) e traballo fin de grao.
- **Titulación:** Graduado/a en….

  **O título de GRADUADO/A estará adscrito a algunha das seguintes ramas de coñecemento:** Artes é Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde,Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura ( Véxase a seguinte táboa, e para máis información o anexo que se achega)

### ENSINANZAS DE MÁSTER

- **Finalidade:** Proporcionar unha formación avanzada, de carácter especializado ou multiprofesional, orientada á especialización académica ou profesional, ou a promover a iniciación en tarefas investigadoras.
- **Acceso:** é necesario estar en posesión dun título universitario oficial.
- **Os plans de estudos: terán** entre 60 e 120 créditos(entre 1 ou 2 cursos).

  Conterán: materias obrigatorias, optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo fin de máster ( defensa pública do mesmo), actividades de avaliación e outras características propias de cada título.
- **Titulación:** Máster Universitario

### ENSINANZAS DE DOUTORADO

- **Finalidade:** Proporcionar unha formación avanzada nas técnicas de investigación e incluirá a elaboración e presentación da correspondente teses doutoral, consistente nun traballo orixinal de investigación.
- **Titulación:** Doutor/a e incluirá información que especifique a disciplina na que se elaborou a Teses Doutoral.

<table>
<tr><td colspan="5">ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (orde do 16 de decembro de 2009. DOG 12 de xaneiro de 2010)</td></tr>
<tr><td colspan="5">RAMAS DE COÑECEMENTO</td></tr>
<tr><td>ARTES E HUMANIDADES</td><td>CIENCIAS</td><td>CIENCIAS DA SAÚDE</td><td>ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA</td><td>CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</td></tr>
<tr><td>► Velas Artes<br>► Filosofía<br>► Humanidades<br>► Traducc. e interpretación<br>► Informac. e Documentación<br>► Historia<br>► Historia da Arte<br>► Xeografía e Historia<br>► Lingua e Literaturas Españolas<br>► Estudos de Galego e Español<br>► Español: Estudos Lingüísticos e Literarios.<br>► Filoloxía Clásica<br>► Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.<br>► Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios.<br>► Lingua e Literaturas Galegas<br>► Linguas Estranxeiras<br>► Linguas Modernas e as súas Literaturas</td><td>► Bioloxía<br>► Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos<br>► Ciencias do Mar<br>► Física<br>► Matemáticas<br>► Química</td><td>► Podoloxía<br>► Enfermaría<br>► Fisioterapia<br>► Psicoloxía<br>► Logopedia<br>► Terapia ocupacional</td><td>► Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento de produtos<br>► Enxeñaría Informática<br>► Enxeñaría da Edificación</td><td>► Administración e Dirección de Empresas<br>► Economía<br>► Ciencias Empresariais<br>► Ciencias Políticas e da Administración<br>Ciencias da Actividade Física e Deportiva<br>► Comunicación audiovisual<br>► Dereito<br>► Dirección e Xestión Pública<br>► Educación infantil<br>► Educación Primaria<br>► Educación Social<br>► Pedagoxía<br>► Periodismo<br>► Publicidade e Relacións Públicas<br>► Relacións Laborais e Recursos Humanos<br>► Socioloxía<br>► Turismo<br>► Xeografía e Ordenación do Territorio</td></tr>
</table>

## PROBA DE APTITUDE PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAAU)

¿A QUEN VAI DIRIXIDA?

Vai dirixida ó alumnado que acade o título de Bacharel e queira acceder a estudios universitarios.

¿EN QUE CONSISTE?. ESTRUCTURA DA PROBA.

A proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao estruturase en dúas fases denominadas respectivamente **fase xeral** e **fase específica**.

A **fase xeral da proba** ( obrigatoria e de validez indefinida) ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe alcanzar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguiren as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, o uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos ou técnicas fundamentais dunha materia de modalidade.

Constará de cinco exercicios:

- Lingua castelá e literatura
- Lingua galega e literatura
- Historia de España ou Historia da Filosofía
- Lingua estranxeira
- Unha materia de bacharelato do 2º curso do bacharelato

Cada un dos exercicios desta fase terá unha duración máxima dunha hora e media. Deberá establecerse un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte. Os exercicios presentarán dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso, a elección entre Historia de España e Historia da Filosofía, a lingua estranxeira escollida entre inglés, frnacés, alemán, italiano ou portugués e a materia de modalidade da que se examinará na fase xeral.

A **fase específica da proba**, de carácter voluntario e con dous anos de validez, ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na fase xeral.

Na Fase Específica cada estudante poderá examinarse dun máximo de **catro** materias de entre as de modalidade do segundo curso de bacharelato que deberán ser distintas da materia de modalidade elixida para a fase xeral, sempre que o estudante se examine da fase xeral e da fase específica na mesma convocatoria.

Os exercicios de cada unha das materias elixidas polo estudante consistirán na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecemento e capacidades que deban

ser avaliadas e cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. Os exercicios presentarán dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha.

A duración de cada un dos exercicios será dunha hora e media. Deberá establecerse un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso, as materias de modalidade das que se examinará na fase específica e que, en todo caso, non poderán coincidir coa materia de modalidade escollida para a fase xeral.

¿COMO SE CUALIFICA?

FASE XERAL

- Cada exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, con dous decimais.
- A cualificación será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios: en forma numérica de 0 a 10 puntos con tres cifras decimais, arredondeada a milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.
- Cualificación de acceso:( fase xeral + Nota media do BAC)

  Cualificación de acceso: 60% Nota media do BAC+40% cualificación da Fase xeral.

  E necesario acadar os 5 puntos ( 60% NMB + 40% CFX)

Nota media do BAC será a media aritmética das cualificacións de todas as materias, expresada con dúas cifras decimais, arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior. Para o cálculo da nota media non se computará, para os efectos de acceso á universidade, a cualificación obtida nas ensinanzas de relixión.

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da fase xeral. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

FASE ESPECÍFICA ( De carácter voluntario.

- Cada exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, con dous decimais.
- Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- Non se terá en conta a cualificación da materia no caso de acadar unha cualificación inferior a 5 puntos nesta.

A cualificación global da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas partes.

A cualificación definitiva para o acceso á universidade calcularase ponderando un 40% a cualificación global da proba e un 60% a nota media do expediente académico do alumno/a no Bacharelato.

Para considerar superada a proba de acceso á universidade deberase acadar unha puntuación de 5 ou superior na cualificación definitiva.

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao nas que se produza un **procedemento de concurrencia competitiva**, é dicir, nas que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades públicas empregarán para a adxudicación das prazas a **nota de admisión** que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se expresará con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

No caso de empate na nota de admisión, para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes que na Fase Xeral elixiran unha materia de modalidade vinculada á rama de coñecemento da ensinanza á que se solicite acceder.

**Nota de admisión**
**Nota de admisión = 0,6 * NMB + 0,4*CFX + a*M1 + b*M2**
**NMB** = Nota media do Bacharelato.
**CFX** = Cualificación da Fase Xeral.
**M1**, **M2** = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación.
**a**, **b** = Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica.

A nota de admisión *incorporará as cualificacións das materias superadas da fase específica, sempre que estas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título* ao que se queira ser admitido.

## ADSCRICIÓN DAS MATERIAS DE MODALIDADE IMPARTIDAS NO SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO.

| MATERIAS DE MODALIDADE | RAMAS DE COÑECEMENTO |
|---|---|
| **Análise Musical II** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas*** |
| **Anatomía Aplicada** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias da Saúde***<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas.*** |
| **Artes Escénicas** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas*** |
| **Bioloxía** | ▪ ***Ciencias***<br>▪ ***Ciencias da Saúde***<br>▪ ***Ciencias sociais e Xurídicas***<br>▪ ***Enxeñaría e Arquitectura*** |
| **Ciencias da Terra e Ambientais** | ▪ ***Ciencias***<br>▪ ***Ciencias da Saúde***<br>▪ ***Ciencias sociais e Xurídicas***<br>▪ ***Enxeñaría e Arquitectura*** |
| **Cultura Audiovisual** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas*** |
| **Debuxo Artístico II** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas*** |
| **Debuxo Técnico II** | ▪ **Artes e Humanidades**<br>▪ ***Ciencias Sociais e Xurídicas***<br>▪ ***Enxeñaria e Arquitectura*** |

| | |
|---|---|
| **Deseño** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaria e Arquitectura* |
| **Economía** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaria e Arquitectura* |
| **Economía da Empresa** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaria e Arquitectura* |
| **Electrotecnia** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Enxeñaria e Arquitectura* |
| **Física** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Ciencias da Saúde*<br>▪ *Ciencias sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaría e Arquitectura* |
| **Grego II** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Historia da Música e da Danza** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Historia da Arte** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Historia do Mundo Contemporáneo** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Latín II** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Linguaxe e Práctica Musical** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Literatura Universal** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Matemáticas II** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Ciencias da Saúde*<br>▪ *Ciencias sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaría e Arquitectura* |
| **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Química** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Ciencias da Saúde*<br>▪ *Ciencias sociais e Xurídicas*<br>▪ *Enxeñaría e Arquitectura* |
| **Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Tecnoloxía Industrial II** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Enxeñaría e Arquitectura* |
| **Volume** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Xeografía** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Imaxe** | ▪ *Artes e Humanidades*<br>▪ *Ciencias Sociais e Xurídicas* |
| **Mecánica** | ▪ *Ciencias*<br>▪ *Enxeñaría e Arquitectura* |

¿SUCESIVAS CONVOCATORIAS?

- FASE XERAL: posibilidade de presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a nota. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior a anterior. A validez de superación da fase xeral e é indefinida.

- FASE ESPECÍFICA. posibilidade de presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a nota. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior a anterior, e tendo en conta o periodo de validez de superación das materias de modalidade da fase específica.

## 2-CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

- **Acceso directo:** título de bacharelato
- Acceso mediante proba( 19 anos ou 18 tendo superado un CFGM
- **Oferta: 22** familias profesionais. **79** ciclos superiores.
- **Titulación:** Técnico Superior na correspondente profesión (nivel 3 de Cualificación).
- **Duración:** 2 cursos académicos en xeral, realizados entre o centro educativo e o centro de traballo

**CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA O ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR.**

a) Ter superada algunha das modalidades de bacharelato que se determinen para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
b) Ter superada algunha das modalidades de bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
c) Ter superado algunha modalidade de bacharelato distintas as establecidas nos puntos anteriores
d) Estar en posesión do título de técnico superior ou equivalente.
e) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

Dentro de cada un dos colectivos indicados nos puntos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:

- Maior nota media no expediente académico en relación á titulación académica de acceso.
- b) Maior nota ou maior nota media nas materias vinculadas.

Prioridade para o acceso mediante proba
Maior puntuación na cualificación da proba de acceso.

- En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representado na área profesional en quese demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público.

**PREFERENCIA PARA O ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR EN RELACIÓN COAS MODALIDADES E MATERIAS DO BACHARELATO:**

| FAMILIA PROFESIONAL | CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR | MODALIDADES E MATERIAS DE BACHARELATO |
|---|---|---|
| Enerxía e auga | Técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar | Ciencias e tecnoloxía |
| Fabricación mecánica | Técnico superior en construccións metálicas. | Ciencias e tecnoloxía |
| | Técnico superior en programación da produción de fabricación mecánica | Ciencias e tecnoloxía |
| Hostalaría e turismo | Técnico superior en xestión de aloxamento turísticos | Humanidades e ciencias sociais |
| Industrias alimentarias | Técnico superior en vitivinicultura | Ciencias e tecnoloxía |
| Instalacións e mantemento | Técnico superior en desenvolvemento de proxectos de instalación térmicas e fluídos | Ciencias e tecnoloxía |
| | Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e fluídos. | Ciencias e tecnoloxía |
| Química | Técnico superior en laboratorio de análise e control de calidade. | Ciencias e tecnoloxía e, dentro deste, o alumnado que teña superado a materia de Química |
| | Técnico superior en química industrial. | Ciencias e tecnoloxía e, dentro deste, o alumnado que teña superado a materia de Química |
| Sanidade | Técnico superior en audioloxía protésica | Ciencias e Tecnoloxía |
| Servizos socioculturais e a comunidade | Técnico superior en educación infantil. | Humanidades e Ciencias Sociais |
| Textil,confección e pel | Técnico superior en patronaxe e moda | Ciencias e tecnoloxía |
| Transporte e mantemento de vehículos | Técnico superior en automoción | Ciencias e tecnoloxía |
| Vidro e mecánica | Técnico superior en desenvolvemento e fabricación de productos cerámicos. | Ciencias e tecnoloxía |

## ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA QUEN ESTEA EN POSESIÓN DOS TÍTULOS DE TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL, TÉCNICO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, OU TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR.

- ACCESO DIRECTO:

  Poderán acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao as persoas que dispoñan das seguintes titulacións:

  - Título de técnico superior de formación profesional.
  - Título de técnico superior de artes plásticas y deseño.
  - Título de técnico deportivo superior.

- ADMISIÓN

- ✓ *Nota de admisión*

- ✓ No caso en o número de solicitudes de admisión a unha ensinanza conducente a un título de universitario de grao sexan maiores que o número de prazas dispoñibles, e a efectos de ordenar as solicitudes para a súa adxudicación se utilizará una nota de admisión que coincidirá coa nota media do ciclo formativo.

Nota de admisión = NMC

- ✓ ***Procedemento para o cálculo da nota media do ciclo formativo***

**NMC: Nota media do ciclo formativo:** suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido polo número total dos módulos.Non serán computados os módulos de formación en centros de traballo e os que fosen obxecto de validación.

A nota media expresarase con dúas cifras decimais e arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

- ✓ ***Procedemento para mellorar a nota de admisión***

As persoas que desexen mellorar a nota de admisión deberán presentarse **unha proba, denominada fase específica**, que se axustará os seguintes criterios:

- Cada estudante poderá realizar un máximo de catro exercicios a súa elección. Os contidos dos exercicios da proba específica serán os das materias de modalide de segundo de bacharelato.
- Para que as materias de modalidade computen no cálculo da nota de admisión, deben estar adscritas á rama de coñecemento do grao ao que se quere optar.
- Cada exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir.
- A puntuación en cada exercicio estará entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais. Se considerará superado o exercicio cando obteña unha cualificación igual o superior a 5 puntos.
- Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, a súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma. No caso de que algún exercicio estea relacionado con unha lingua estranxeira, deberá desenvolverse nesa lingua.
- A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso a universidade durante os **dous cursos académicos** seguintes a superación das mesmas.

Neste caso a nota de admisión o título universitario de grao se calculará mediante a seguinte fórmula.

**Nota de admisión = NMC + a*M1 + b*M2**

*Procedemento do cálculo da nota de admisión*

**NMC**: Nota media do ciclo formativo

**M1** e **M2**: Cualificacións dun máximo de dous exercicios superados da fase específica no caso de que os temas sobre os que versan estean adscritos a rama de coñecemento do título ao que se pretende acceder.

**a** e **b**: Parámetros de ponderación dos exercicios superados da fase específica. En xeral terán un valor de 0,1, pero as universidades poderán elevar dito valor ata 0,2 para aqueles temarios que consideran máis idóneos para seguir con éxito as ensinanzas universitarias.

A nota de admisión incorporará as cualificacións dos exercicios da fase específica, no caso de que os temas sobre os que versen estean adscritos a rama de coñecemento do título ao que se pretende acceder.

A nota media expresarase con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

- ✓ ***Inscrición no procedemento***

  ▪ Para presentarse e realizar a fase específica da proba, será suficiente coa inscrición e aportar unha certificación académica oficial.

  ▪ A certificación terá o carácter de documentación provisional, non podendo procederse a admisión dos estudos universitarios de grao ata a consecución e entrega da documentación acreditativa de estar en posesión do correspondente título.

  ▪ Na certificación académica oficial deberá constar:

**- Para os ciclos formativos de Grao Superior de FP,** a superación de tódolos módulos que compoñen o ciclo formativo, a excepción da Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, o módulo de proxecto.

**- Para os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño,** a superación de tódolos módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción da formación práctica en empresas, estudio e talleres e o módulo de proxecto integrado.

**- Para as Ensinanzas Deportivas,** a superación dos módulos que compoñen o ciclo de grao superior de que se trate, a excepción dos módulos de formación práctica e de proxecto final.

- ✓ *Adxudicación de prazas*

- A adxudicación de prazas para cada un dos títulos de grao farase en función da nota de admisión obtidas polo estudante para ese título.

Cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes cuxos títulos, estean adscritos as ramas de coñecemento nas que se encontren as ensinanzas de grao que desexen cursar.

**ADSCRICIÓN DOS TÍTULOS DE TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL, DE TÉCNICO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR, OU EQUIVALENTES, ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO.**

| Familia profesional | Título | Ramas de coñecemento |
|---|---|---|
| Actividades Físicas e deportivas | Técnico superior en Animación de actividades Físicas e Deportivas | • Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Ciencias da Saúde |
| Actividades marítimo – pesqueiras | Técnico Superior en Navegación, pesca e transporte marítimo | • Enxeñería e Arquitectura |
| | Técnico Superior Produción Acuícola | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Supervisión e control de máquinas e instalación do Buque | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Administración e Xestión | Técnico Superior en Admoinistración e Finanzas | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Secretariado | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Agraria | Técnico Superior en Xestión e Organización dos recursos Naturais e Paisaxísticos | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Xestión e Organización de empresas Agropecuarias | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| Artes Gráficas | Técnico Superior en Deseño e produción Editorial | • Artes e Humanidades<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior Produción en Industrias de Artes Gráficas | • Artes e Humanidades<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| Comercio e marketing | Técnico Superior en Comercio Internacional | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Xestión Comercial e Marketing | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Xestión do Transporte | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Servicios ao Consumidor | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Edificación e Obra Civil | Técnico Superior en Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operación topográficas | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en proxectos de edificación | • Enxeñaría e Arquitectura |

| | | |
|---|---|---|
| | Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación de proxectos de construción | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Realización e plans de obras. | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Electricidade e electrónica | Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e informáticos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Sistemas de regulación e Control Automáticos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Desenvolvemento de Produtos Electrónicos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Enerxía e Auga. | Técnico Superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| Fabricación Mecánica. | Técnico Superior en Programación de la Produción en Fabricación Mecánica | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Produción por fundición e Pulvimetalurxía | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en construcións metálicas | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Óptica e Anteollería | • Ciencias da Saúde<br>• Enxeñaría e Arquitectura<br>• Ciencias |
| | Técnico Superior en Deseño en Fabricación Mecánica | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Hostalería e Turismo | Técnico Superior en Animación Turística. | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Axencias de Viaxe e Xestión de eventos | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Dirección de Cociña | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Dirección en Servicios de Restauración | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia turísticas | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Asesoría de | • Ciencias da Saúde |

| | | |
|---|---|---|
| Imaxe Persoal | Imaxe Persoal | • Ciencias |
| | Técnico Superior en Estética | • Ciencias da Saúde<br>• Ciencias |
| Imaxe e son | Técnico Superior en Imaxe | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Arquitectura e Enxeñaría |
| | Técnico Superior en Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Arquitectura e Enxeñaría |
| | Técnico Superior en Realización de Audiovisuais e Espectáculos | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Arquitectura e Enxeñaría |
| | Técnico Superior en Son | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Arquitectura e Enxeñaría |
| Industrias Alimentarias | Técnico Superior en Vitivinicultura | • Ciencias |
| | Técnico Superior en procesos e calidade na Industria Alimentaria | • Enxeñaría e Arquitectura<br>• Ciencias |
| Informática e Comunicacións | Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico superior en desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| Instalación e Mantemento | Técnico Superior en mantemento de Instalacións térmicas e de Fluídos | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Desenvolvemento de proxectos de Instalacións térmicas e de Fluídos | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en mantemento de equipo Industrial. | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Prevención de Riscos profesionais | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |

| | | |
|---|---|---|
| Madeira, Moble e Cortiza | Técnico Superior Desenvolvemento de productos de carpintería e Moble | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior de Produción de Madeira e Moble | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Química | Técnico Superior Plásticos e caucho | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior Fabricación de Produtos Farmacéuticos e Afíns | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior Industris Procesos de Pasta e Papel | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior Química Ambiental | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en laboratorio de Análise e de control de Calidade | • Ciencias |
| | Técnico superior en Química Industrial | • Ciencias<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| Sanidade | Técnico superior en próteses Dentais | • Ciencias da Saúde |
| | Técnico Superior en Hixiene Bucodental | • Ciencias da Saúde |
| | Técnico superior en Ortoprotésica | • Ciencias da Saúde<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico superior en Audioloxía Protésica | • Ciencias da Saúde<br>• Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico superior en laboratorio de Diagnóstico Clínico | • Ciencias da saúde<br>• Ciencias |
| | Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía | • Ciencias da saúde<br>• Ciencias |
| | Técnico Superior en Dietética | • Ciencias<br>• Ciencias da Saúde |
| | Técnico Superior en Documentación Sanitaria | • Ciencias Sociais e Xurídicas<br>• Ciencias da Saúde |
| | Técnico Superior en radioterapia | • Ciencias da saúde<br>• Ciencias |

| | | |
|---|---|---|
| | Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico | • Ciencias da Saúde<br>• Ciencias |
| | Técnico superior en Saúde Ambiental | • Ciencias da Saúde<br>• Ciencias |
| Servicios Socioculturais e á comunidade | Técnico Superior en Integración Social | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Educación Infantil | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico Superior en Animación sociocultural | • Ciencias Sociais e Xurídicas |
| | Técnico superior en interpretación da Linguaxe de signos | • Artes e Humanidades<br>• Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Textil, Confección e Pel | Técnico Superior en Vestiario a medida e para Espectáculos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico superior en Deseño e produción de calzado e Complementos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en padroaxe e Moda | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en procesos textiles en tecedura de Punto | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en procesos de ennobrecemento Téxtil | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Curtidos | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en procesos textiles de Fiadura e tecedura calada | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Transporte e mantemento de vehículos | Técnico Superior en Automoción | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en mantemento aeromecánico | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en mantemento de aviónica. | • Enxeñaría e Arquitectura |
| Vidro e cerámica | Técnico Superior Fabricación e transformación de productos de Vidro | • Enxeñaría e Arquitectura |
| | Técnico Superior en Desenvolvemento e fabricación de Produtos Cerámicos. | • Enxeñaría e Arquitectura |

## 5.- OUTRAS ENSINANZAS

- Estudos militares, oposicións ás forzas armadas, piloto civil, …

  Podes atopar información nos seguintes enderezos:

  http://www.policia.es: páxina moi interesante sobre:

- Organización central do Corpo Nacional de Policía.
- Acceso:
  - Oposición e convocatorias
  - Tipo de probas físicas
  - Temario de oposición

http://www.soldados.com: páxina moi interesante onde podes atopar información sobre:

- Requisitos de acceso ( titulación requerida).
- Formas de ingreso

Para máis información podes chamar o número de teléfono: 902-43.21.00.

http://www.guardiacivil.org: páxina moi interesante onde poderás atopar información sobre:

- Ingreso
- Proceso de selección
- Período de formación
- Temario
- Carreira profesional
- Centros de formación

- Azafata de congresos e exposicións, ensinanzas de idiomas, etc.

## 6.- MUNDO LABORAL

- EMPLEO PÚBLICO: Oposicións.

  Todos os anos as diferentes administración públicas realizan unha Oferta de Empleo Público.

  ☞ Onde atopar información? As convocatorias de empleo público teñen que aparecer publicadas nos correspondentes Boletíns Oficiais:

  - **Boletín Oficial do Estado (BOE):** Convócanse plazas da Administración do Estado, Organismos Autónomos e Universidades. Podes consultalo diariamente na seguinte páx. http://www.boe.es.
  - **Diario Oficial de Galicia (DOG)**: Convócanse plazas de organismos Autónomos e Organismos dependentes del. Podes consultalo diariamente na seguinte páx. http://www.xunta.es/Dog.

- **Boletín Oficial da Provincia (BOP):** No que se convocan prazas dos Concellos desa provincia e das Deputacións Provinciais. Podes consultalo diariamente na seguinte páx. http://www.deputacionlugo.or.

☞ Cales son os procedementos de ingreso na administración pública? Os procedementos de ingreso do personal funcionario pódese levar a cabo a través de 3 sistemas:

- Oposición
- Concurso-oposición
- Concurso libre

➢ EMPLEO PRIVADO

☞ Onde atopar información?

- Medios de comunicación: prensa diaria, prensa especializada ou guías profesionais de diferentes entidades empresariais.
- Bolsas de traballo de diferentes organismos ou entidades privadas.
- Consultoras ou empresas de selección
- Empresas de traballo temporal. A súa actividade consiste en contratar traballadores e poñelos a disposición de outra empresa chamada empresa usuaria.
- Direcciones de Internet para a búsqueda de emprego. Permite a persoa demandante de emprego incluir o seu curriculum vitae nunha base de datos, que poderá ser revisada polo empresario para buscar o perfil do candidato que se axuste as súas necesidades.
  - http://www.accion-bancoempleohild.com
  - http://www.cfnti.net/vulcana
  - http://conductores.net/bolsa.html
  - http://www.accindes.org/inforempleo/
  - http://www.aranweb.com/INFORMACION/
  - http://www.bolsatrabajo.com
  - http://www.ceta.es/trabajo
  - http://www.digigrup.com/empleo/
  - http://www.distaweb.com/anuncios/empleo/
  - http://www.el-mundo.es/sudinero
  - http://www.empleo.com.mx/
  - http://www.eniac.es/club_marketing_rioja
  - http://www.fade.es
  - http://www.fase.net/index2.htm
  - http://www.gis.ad/curriculum/
  - http://www.gispwebanuncios.com/
  - http://www.idg.es/jobuniverse/
  - http://www.infoempleo.es
  - http://www.infojobs.net/index.htm

☞ **OUTRAS OPCIÓNS**

➢ **PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DIRECTA DOS TÍTULOS DE FP.**

**Requisitos para presentarense:**
**Para o título de técnico:** ter 18 anos.
**Para o título de técnico superior:** ter 20 anos, pero neste caso, se xa se posúe o título de técnico pódese presentar quen teña 19 anos.

Ademáis, deberanse cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos; e dicir, ou ben posuir titulación académica necesaria para o acceso directo, ou ben ter superada a proba de acceso aos ciclos formativos

- **ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS**

**FINALIDADE:**
Posibilitar as persoas adultas o recoñecemento da súa experiencia laboral, acreditándolles oficialmente o seu saber facer, que as capacite para o exercicio dunha actividade profesional, e que ata o momento non tiñan recoñecidas mediante certificado, nin ningún título.

*REQUISITOS DE ACCESO*

Para acceder ao **procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional, os candidatos e as candidatas deberán cumprir os requisitos xerais seguintes:**

**- Ter cumpridos 21 anos ou cumprilos no ano natural en que se produza a convocatoria para acceder á acreditación das unidades de competencia dos títulos de grao superior, e 19 anos para acceder ás unidades de competencia dos ciclos de grao medio.**

**- Ademais dos requisitos de idade, as persoas solicitantes deberán acreditar unha experiencia laboral efectiva de polo menos tres anos completos nos últimos 15 anos de traballo, relacionada co sector produtivo do ciclo formativo a que pertenza a unidade de competencia solicitada da cal se pretenda o recoñecemento.**

**- Non estar matriculado ou matriculada nas ensinanzas de réxime ordinario conducentes ao mesmo título ou, cando se tratar de formación modular, no módulo correspondente a esa unidade de competencias.**

<table>
<tr><th>DESTINATARIOS</th><th colspan="2">DOCUMENTACIÓN</th></tr>
<tr><td>TRABALLADORES ASALARIADOS</td><td>-Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste a vida laboral ou da mutualidade Laboral e periodo da contratación<br>- Certificación da empresa onde se especifique a duración do contrato, categoría laboral, actividade desenvolvida</td><td rowspan="2">- Documentación acreditativa da experiencia laboral a que fai referencia o punto anterior.<br>- Fotocopia do DNI.<br>- Declaración xurada (anexo VI), en que se faga constar que non se ten matrícula formalizada en ningunha modalidade das ensinanzas conducentes ao mesmo título, ou, cando se tratar de formación modular, no móulo ou nos módulos asociados a esa unidade ou unidades de competencia.<br>- Traxectoria formativa e profesional (anexo VII)<br>- Modelo de certificación das actividades desenvolvidas na empresa (anexo</td></tr>
<tr><td>TRABALLADORES AUTÓNOMOS/-AS OU POR CONTA PROPIA</td><td>-Período de cotización no rexime especial de traballadores autónomos<br>- Certificado da alta no imposto de actividades económicas e de ser o caso, certificado de pagamento do dito imposto.</td></tr>
</table>

## BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDIO PARA CURSAR ESTUDIOS DE BACHARELATO, CICLOS FORMATIVOS E ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

- ✓ Axuda compensatoria.
- ✓ Axuda para gastos por razón da distancia entre o domicilio familiar e o centro docente,
- ✓ Axuda para gastos derivados da residencia do alumno/a fóra do domicilio familiar, durante o curso.
- ✓ Axuda para gastos de material escolar.
- ✓ Centro residencial ( Residencia e manutención).

## BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDIO PARA CURSAR ESTUDIOS UNIVERSITARIOS

- ♦ MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE:
  - ✓ Bolsas para iniciar estudios universitarios.
  - ✓ Bolsas e axudas ó estudio de carácter xeral (para gastos de desprazamento, material didáctico, matrícula e residencia).
  - ✓ Bolsas de mobilidade (para realizar estudios universitarios fóra da comunidade autónoma de orixe)

- ♦ CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:
  - ✓ Axudas ó estudio de carácter especial para estudiantes galegos, descendentes de galegos ou residentes en Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos, motivada por causas sobrevidas e non previstas.
  - ✓ Bolsas de residencia destinadas ós galegos que residan fóra de Galicia e ós seus descendentes.

ENLACES DE INTERESE.

http://www.edu.xunta.es/fp/ Podes consultar información sobre a oferta de ciclos formativos de grao medio e grao superior, modelos de probas para o acceso a ciclos de grao medio e superior, **vínculo entre os novos ciclos formativos de grao superior e as vías de bacharelato, adscrición dos títulos de Tecnico Superior ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias, validacións e equivalencias doutros estudos cos ciclos formativos,** información sobre os últimos estudos de inserción laboral dos titulados de formación profesional realizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
http://ciug.cesga.es/ Páxina da comisión interuniversitaria de Galicia onde podes consultar información sobre planes de estudo das diferentes titulacións que se imparten nas 3 universidades galegas , notas de corte, probas de acceso a universidade ( estructura das probas, sistema de cualificación, parámetros de ponderación das materias específicas para o acceso os estudos de grao), modelos de exame das diferentes materias e nos anteriores…
http://www.educared.net/universidad/ ( páxina importante sobre o acceso a universidade).
http://www.usc.es/. ( Universidade de Santiago de Compostela).Podes consultar información sobre os planos de estudo que se imparten nesta universidade, dirección de interés, servizos…
http://www.udc.es/. ( Universidade da Coruña). Podes consultar información sobre os planos de estudo que se imparten nesta universidade, dirección de interés, servizos..
http://www.uvigo.es/ ( Universidade de Vigo). Podes consultar información sobre os planos de estudo que se imparten nesta universidade, dirección de interés, servizos..
http://www.becas.com/. Podes consultar información sobre bolsas, premios, axudas, subvencións e traballo.
http://www.eligeprofesion.org/pro_001.asp?ipag=1 Guía práctica con información sobre 130 profesións ás que podes acceder. Descrición de cada unha delas, saída profesional e laboral. Test de aptitudes profesionais de utilidade para coñecer un pouco mellor as posibilidades que poden adaptarse aos teus intereses e calidades persoais
http://sgc.xunta.es:8000/orientacion/gtbe/guia_pre.htm "Guía de técnicas para a busca de emprego" da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia. A guía pretende proporcionar as ferramentas necesarias para afrontar eficazmente a busca de emprego activa e planificada, por conta allea ou establecéndose por contra propia, a oferta pública de emprego. Inclúe ademáis dirección útiles sobre ( oficinas de emprego, centros de información xuvenil, organización empresariais, organismos sindicais…). Outras páxinas relacionadas coa búsqueda de emprego son:

- ✓ oficinadeempleo.com Consellos sobre como elaborar un curriculum vitae, unha carta de presentación, como enfrentarse a unha entrevista de traballo,
- ✓ SGC Servizo Galego de Colocación (Emprendedores, Orientación Laboral, etc.)
- ✓ INEM Instituto de Empleo Servicio Público de Empleo Estatal (Formación Ocupacional, Escolas Taller, etc.)
- ✓ Portais de demandas e ofertas de emprego:
- Emprego público opositor.com empleopublico.net
- Empresas de traballo temporal (ETTs) Adecco Manpower Vedior Eulen Laborman
- Buscador de franquicias

## ANEXOS

1- BREVE INFORMACIÓN SOBRE OS ESTUDOS DE GRAO SOLICITADOS POLO ALUMNADO.

2- TITULACIÓNS DE GRAO

2.1- Titulacións por universidades.

2.2-Titulacións por ramas de coñecemento.

3- EQUIVALENCIAS ENTRE AS NOVAS TITULACIÓNS DE GRAO E AS ANTIGAS LRU.

BREVE INFORMACIÓN SOBRE OS ESTUDOS DE GRAO SOLICITADOS POLO ALUMNADO.

| TÍTULO DE GRAO EN…. | OBXECTIVOS FORMATIVOS | SAÍDAS PROFESIONAIS |
|---|---|---|
| Administración e dirección de empresas | Aprender a manexar os conceptos e as técnicas empregadas nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Así mesmo, ten que ser capaz de tomar decisións e, en xeral, de asumir tarefas directivas. | Dirixir, planificar e organizar as políticas e liñas de actuación dunha empresa ou traballar nos sectores financeiros e bolsistas. |
| Economía | Coñecer o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, a acumulación de riqueza e a distribución da renda e estar en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora. | Analista de mercados, dirección de empresas (excepto industriais), xefe/a de finanzas, comercial, de administración. Dirección de importación e exportación e asesoramento empresarial. |
| Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | O alumnado recibirá formación que o capacitará para ser docente de educación física, mais tamén para promover unha actividade física e un lecer saudables, así como para levar a xestión e dirección das diversas instalacións, espazos e eventos deportivos. | Docente de educación física. Adestramento deportivo, dirección deportiva, animación e monitoraxe deportiva profesional. |
| Mediciña | Realización das actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde, á prevención das enfermidades e ao diagnóstico, tratamento, terapéutica e rehabilitación dos pacientes, así como ao axuizamento e prognóstico dos procesos obxecto de atención. | Medicina asistencial no sistema sanitario público e privado, no que se refire á atención médica, prevención, promoción e restitución da saúde e, en especialidades en ambulatorios, clínicas e hospitais. Tamén pode desenvolver a súa profesión no ámbito docente, na formación de profesionais sanitarios, en investigación biomédica tanto básica como aplicada, na industria farmacéutica, biotecnolóxica e na xestión, administración e xerencia no ámbito dos centros sanitarios. |
| Farmacia | Capacita para desempeñar a profesión en oficinas de farmacia, na industria farmacéutica, en especializacións hospitalarias e non hospitalarias, en laboratorios de análise, na xestión sanitaria e en actividades de educación e investigación | A farmacia asistencial na sanidade pública e privada (oficinas de farmacia e hospitais), en atención sanitaria comunitaria e de prevención, realizando tarefas de información, promoción e educación |

| | | |
|---|---|---|
| | | sanitaria. Actividades dirixidas á produción, análise e conservación de medicamentos e/ou produtos alimentarios (industria farmacéutica). Ademais, poden realizar tarefas de visita médica, marketing farmacéutico, dirección técnica de compañía farmacéutica e rexistros de especialidades farmacéuticas. |
| Veterinaria | A medicina dos animais, a produción e rendibilidade destes e a seguridade a través dunha correcta inspección dos alimentos son as competencias da profesión veterinaria. | Clínica veterinaria de animais domésticos, silvestres e exóticos. Sanidade animal. Centros de recuperación de animais silvestres. Produción animal en empresas agropecuarias, fábricas de pensos, control sanitario e ambiental da produción, cativa, selección e mellora xenética. Hixiene, sanidade, inspección e control de calidade en matadoiros, industrias alimentarias e outros lugares de produción, manipulación, procesado e fabricación de alimentos de orixe animal. Administración central, autonómica e local en materia de gandería, sanidade, produción animal, ecoloxía e medio e calidade e seguridade alimentaria. Veterinaria militar. Laboratorios farmacéuticos, de diagnóstico, de saúde pública, consultorías... Docencia e investigación. |
| Bioloxía | Estudo e investigación de seres vivos, control e identificación de produtos biolóxicos, análises clínicas, desenvolvemento de produtos xerados por manipulación xenética, control demográfico e epidemiolóxico de animais, control da acción de produtos industriais en seres vivos, control de calidade da alimentación, análise e procesamento de residuos contaminantes, tratamento e xestión de augas, comercial, asesoramento ambiental, xestión de parques zoolóxicos e xardíns botánicos, repoboacións forestais, investigación en diversas áreas como a biomedicina, a microbioloxía ou a inmunoloxía, docencia. | Investigación, desenvolvemento, e control de procesos biotecnolóxicos. Asesoramento científico e técnico sobre temas biolóxicos e o seu ensino. Avaliación do impacto ambiental e planificación, xestión, explotación e conservación de ecosistemas, e recursos naturais terrestres e mariños. |
| Empresariales | O alumnado de Ciencias Empresariais recibe coñecementos de métodos de valoración de activos, finanzas, economía e métodos cuantitativos, alén doutros como matemáticas, estatística, dereito, informática e idiomas. | Contabilidade, auditoría, fiscalidade, consultoría, finanzas e intermediarios financeiros, xestión de operacións ou sistemas de información tanto no sector público como no privado. |
| Enfermería | O estudantado recibirá formación para acometer funcións como a promoción da saúde, a prevención das enfermidades e os coidados das persoas enfermas ou incapacitadas. | A formación do grao en Enfermaría garante a capacitación do/a graduado/a para o desempeño de funcións asistenciais, docentes, investigadoras e xestoras. |
| Dereito | O dereito está constituído polo conxunto de normas que regulan a sociedade.<br>A tarefa do/a xurista consiste en interpretar as leis e establecer cal é a que resulta aplicable en cada caso. | Exercicio libre da profesión (avogado/a e procurador/a). Asesoría xurídica, laboral e fiscal. Administración pública: notarías, xudicaturas, fiscalía, avogacía do Estado, rexistro da propiedade e letrado/a dos distintos organismos públicos. |
| | A formación en Arquitectura baséase na aprendizaxe do desenvolvemento e a | As áreas de actuación do arquitecto son moi diversas: o deseño, a restauración e |

| | | |
|---|---|---|
| Arquitectura | construción de proxectos. | rehabilitación de edificios e o seu contorno urbano, o urbanismo, o paisaxismo, o deseño de interiores e detalles construtivos, o cálculo e deseño de estruturas e instalacións etc. |
| Psicoloxía | A psicoloxía desenvolve a súa actividade en tres grandes áreas:<br>1. **Psicoloxía da educación**, centrada en funcións de intervención e orientación en situacións educativas ou no marco escolar.<br>2. **Psicoloxía clínica ou da saúde**, que desenvolve técnicas e estratexias para a intervención (preventiva, diagnosticadora e de tratamento ) sobre as condutas das persoas e os seus trastornos.<br>**3. Psicoloxía social e das organizacións**, centrada no mundo das relacións sociais, a organización e optimización dos recursos humanos dentro das organizacións do mundo do traballo e as empresas. | Novos campos de aplicación: psicoloxía do deporte, xurídica, sexoloxía. |
| Química | Pretende a formación de profesionais nun sector, a industria química, que en España constitúe o cuarto sector industrial en importancia (aprox. 10%), onde os químicos desempeñan tarefas nos eidos da investigación, desenvolvemento, deseño, enxeñaría e control de procesos no ámbito industrial –madeireiras, petroquímicas, siderúrxicas etc.– alimentario, farmacéutico, industria cosmética etc. | Químicos municipais e provinciais. Químicos de institutos de hixiene. Químicos de aduanas. Químicos de organismos do Estado, provincia ou municipio, monopolios e empresas dependentes, incluso indirectamente, do Estado no que se requira esta función. Químicos de empresas privadas. Químicos en laboratorios oficiais. Educación secundaria, universitaria e investigación. |
| Filosofía | O obxectivo do grao en Filosofía é unha formación sólida en filosofía, situando esta no conxunto dos saberes científicos e humanísticos, no tecido cultural e ante a práctica social do mundo contemporáneo. É notable a contribución da Filosofía á arte, a literatura e as demais expresións da cultura. Por outra parte, xogou un papel determinante na configuración e vertebración dun espazo europeo constituído sobre bases de tanta proxección como son o pensamento racional crítico, a liberdade de conciencia ou o recoñecemento da dignidade e de dereitos dos seres humanos, ademais da xéneses e desenvolvemento da ciencia moderna e da tecnoloxía a ela asociada. | o ensino de materias filosóficas en todos os niveis da educación, en especial no ensino secundario e a universidade, a investigación e a creación filosóficas, o desempeño dos variados postos das administracións públicas aos que cabe concursar co título de licenciado en Filosofía, a xestión cívica (ONG, fundacións etc.), editorial e cultural (mediadores culturais etc.), o asesoramento e consultoría en bioética, responsabilidade corporativa, convivencia intercultural, mediación social, comunicación audiovisual, orientación persoal etc. |
| Enxeñería informática | no referente ás actividades desenvolvidas polos profesionais en informática, a maioría dedícase á elaboración de proxectos informáticos, seguido pola dirección de proxectos informáticos e a realización de estudos e informes. | os principais perfís cos que se identifican os profesionais informáticos:<br>· Programador de sistemas informáticos.<br>· Analista de tecnoloxías da información.<br>· Analista de sistemas informáticos.<br>· Profesor/docente/investigador (educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos, universidade etc.)<br>· Director/xestor/consultor tecnoloxías da información. |

Para mais información, non dubides en acudir

ó Departamento de Orientación do centro.